

ADENDA AO CONVENIO DE COLABORACIÓN EDUCATIVA ENTRE A AXENCIA TURISMO DE GALICIA E A UNIVERSIDADE DA CORUÑA PARA A REALIZACIÓN DE PRÁCTICAS ACADÉMICAS EXTERNAS CURRICULARES E EXTRACURRICULARES DO ALUMNADO DA UNIVESIDADE DA CORUÑA

O xerente de Turismo de Galicia

DECLARA:

Que esta Axencia Turismo de Galicia formalizou coa Universidade da Coruña o instrumento convencional arriba referido.

Que esta addenda ten por obxecto asumir pola Universidade da Coruña o custo e alta na seguridade social dos estudantes en prácticas curriculares non remuneradas, en tanto se manteña en vigor a Disposición Adicional 52 do Real Decreto Lei 2/2023, de 16 de marzo. Que o instrumento convencional que se pretende asinar se **fundamenta** no seguinte:

Primeiro.- O 26 de novembro de 2020 asinouse un convenio de colaboración cuxo obxecto é establecer un programa para a realización de prácticas académicas externas do alumnado nas instalacións da Axencia Turismo de Galicia e nas oficinas de turismo dependentes dela así como para achegar as súas persoas expertas para aquela parte da docencia teórico-práctica especializada que fose precisa. As prácticas serán curriculares ou extra curriculares.

O convenio fixa os mecanismos de colaboración entre as partes coa finalidade de establecer unha adecuada programación, desenvolvemento e verificación da colaboración

Segundo.- o Real Decreto-lei 2/2023, de 16 de marzo, de medidas urxentes para a ampliación de dereitos dos pensionistas, a redución da brecha de xénero e o establecemento dun novo marco de sostenibilidade do sistema público de pensións. No seu artigo único Modificación do texto refundido da Lei Xeral da Seguridade Social, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 8/2015, de 30 de outubro, no punto trinta e catro



engade unha nova disposición adicional quincuaxésima segunda, que no seu punto 4 establece:

“O cumprimento das obrigas á Seguridade Social axustarase ás seguintes regras:

a) No caso das prácticas formativas remuneradas, o cumprimento das obrigas de Seguridade Social corresponderá á entidade ou organismo que financie o programa de formación, que asumirá a estes efectos a condición de empresario. No suposto de que o programa esta cofinanciado por dous ou máis entidades ou organismos, terá a condición de empresario aquel ao que corresponda facer efectiva a respectiva contraprestación económica.

As altas e as baixas na Seguridade Social practicaranse de acordo coa normativa xeral de aplicación.

b) No caso das prácticas formativas non remuneradas, o cumprimento das obrigas de Seguridade Social corresponderá á empresa, institución ou entidade na que se desenvolvan aqueles, salvo que no convenio ou acordo de cooperación que, no seu caso, se subscriba para a súa realización se dispoña que tales obrigas corresponderán ao centro de formación responsable da oferta formativa. Quen asuma a condición de empresario deberá comunicar os días efectivos de prácticas a partir da información que facilite o centro onde se realice a práctica formativa”.

Terceiro.- Consonte a Resolución reitoral do 30 de xaneiro de 2024 pola que se modifica a anterior do 16 de outubro de 2023, sobre a cotización á Seguridade Social do alumnado que realice prácticas curriculares non remuneradas , «A Universidade da Coruña asumirá desde o 1 de xaneiro de 2024 a cotización e a tramitación da alta na Seguridade Social dos e das estudantes en prácticas externas curriculares non remuneradas, salvo o acordo expreso das partes en contrario, en tanto se manteña en vigor a disposición adicional 52ª do Real decreto-lei 2/2023, do 16 de marzo».

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.



En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asíñase esta memoria, en Santiago de Compostela

O xerente de Turismo de Galicia

Antonio Casas Calviño

